

UNIDADE 2: As mulleres na sociedade, unha historia de ocultación

PROXECTO: AS MULLERES NA CIENCIA

O ano 2019 foi o [Ano Internacional da Táboa Periódica](#), ese gráfico que agrupa os distintos elementos químicos da natureza. Aproveitando esa conmemoración, a investigadora Teresa Valdés-Solís realizou unha [táboa periódica](#) de [mulleres científicas](#).

1. Cantas das mulleres científicas que aparecen na táboa coñeces? Se picas nos nomes de cada unha delas, accederás a unha breve explicación da súa contribución ao desenvolvemento da ciencia.
2. Cal das mulleres científicas che interesa máis? Por que?
3. Propoñémosche que realices un podcast sobre, polo menos, unha destas mulleres. Un podcast é unha peza de radio que se pode poñer a circular na rede. Existen numerosas aplicacións para crear podcasts: unha opción gratuíta e doada de usar, que seguramente xa estea no teu computador, é [Audacity](#). Neste [vídeo, tes unha rápida explicación](#) das súas posibilidades.
4. Fíxate que a seguir á breve explicación sobre a contribución á ciencia de cada unha das científicas da táboa periódica, ofrécense páxinas onde podes completar a información.
5. A túa peza de radio deberá durar entre 2 e 5 minutos. Redacta primeiro un guión que conteña, como mínimo, este elementos:
 - a) Datos biográficos básicos: nome, data e lugar de nacemento, formación académica, campo da ciencia no que destacou...
 - b) Explicación básica das contribucións científicas polas que destaca.
 - c) Dificultades que afrontou no seu traballo polo feito de ser muller.
6. Á hora de elaborares a peza, atende a estas recomendacións:
 - a) En ningún caso copies o texto. Elabora o teu propio discurso a partir da información que manexes. Cantas máis información consultes, máis completo será.
 - b) Non inclúas verbas das que descoñezas o significado: hase notar na locución.
 - c) A unha velocidade normal, podes ler unhas 100 palabras por minuto. Ten isto en conta para calcular a lonxitude do texto.
 - d) Cando graves o texto, coida a locución. Fala nun ton claro e normal. Fai pausas onde corresponda.

Igualdade de Xénero. Unidade 2, Proxecto: As mulleres na sociedade...



Frances Arnold gañou o Nobel de Química en 2018. (Foto: Bengt Nyman)

- e) A locución quedará moi ben se traballas cun/cunha compañeiro/a cun ton de voz diferente ao teu e alternades as voces. Cada un pode encargarse de ler un parágrafo, por exemplo.
 - f) A locución quedará mellor se inclúes algún efecto de son (aplausos, risas...). Faino só cando a narración o xustifique e tampouco te pases cos efectos. O importante é a túa voz.
7. Podes inspirarte en [Podcasts coma este que recolle unha peza emitida na Cadena Ser](#) sobre as mulleres na ciencia.
8. Os criterios de avaliación serán os seguintes:
- a) Contido do traballo e calidade da información: 4 puntos.
 - b) Calidade da locución: 4 puntos.
 - c) Capacidade de traballo en equipo: 2 puntos.